

PALABRA DE VIDA

Setembro 2025

«Alegrádevos comigo, porque atopei a ovella que perdera» (Lc 15, 6).

No Antigo Testamento, os pastores contaban as ovellas ao volver dos campos, dispostos a buscar á que se perdeu. Mesmo se internaban no deserto de noite con tal de atopar ás ovellas descarriadas.

Esta parábola é unha historia de perda e achado que pon no primeiro plano o amor do pastor. Este dáse conta de que falta unha ovella, a buscaa, atópaa e a carga aos ombreiros porque está debilitada e asustada, quizáis ferida, e non é capaz de seguir ao pastor por si soa. É el quen a leva a resgardo e, por último, cheo de alegría, convida os seus veciños a celebralo con el.

«Alegrádevos comigo, porque atopei a ovella que perdera».

Os temas recorrentes deste relato podemos resumilos en tres verbos: perderse, atopar e celebrar.

Perderse. A boa noticia é que o Señor vai buscar a quen se extravía. Moitas veces perdémonos nos desertos próximos, ou nos que nos vemos obrigados a vivir, ou nos que nos refuxiamos; son os desertos do abandono, da marxinación, da pobreza, das incompreensións, da falta de unidade. O Pastor búscanos tamén alí, e aínda que o perdamos de vista, el atoparanos sempre.

Atopar. Tentemos imaxinarnos a escena da afanosa procura por parte do pastor no deserto. É unha imaxe que impacta pola súa forza expresiva. Podemos entender a alegría tanto do pastor como da ovella. O encontro entre ambos devolve á ovella a sensación de seguridade por librarse do perigo. Por tanto, o *atopar* é un acto de misericordia divina.

Celebrar. El reúne aos seus amigos para celebralo, porque quere compartir a súa alegría, tal como ocorre nas outras dúas parábolas que seguen a ésta, a da moeda perdida e a do pai misericordioso (cf. Lc 15, 8 e 15, 11). Xesús quere que entendamos a importancia de participar da alegría con todos e inmunízanos contra a tentación de xulgar ao outro. Todos somos persoas *atopadas*.

«Alegrádevos comigo, porque atopei a ovella que perdera».

Esta Palavra de vida é unha invitación para ser agradecidos pola misericordia que Deus ten con todos nós persoalmente. O feito de alegrarnos, de gozar xuntos, preséntanos unha imaxe da unidade onde non hai contraposición entre xustos e pecadores, senón que uns participamos na alegría dos outros.

Escribe Chiara Lubich: «É unha invitación para comprender o corazón de Deus, a crer no seu amor. Inclínados como estamos a calcular e a medir, ás veces cremos que o amor de Deus por nós tamén podería chegar a cansarse [...] A lóxica de Deus non é como a nosa. Divos

espéranos sempre; é máis, dámoslle unha inmensa alegría cada vez que volvemos a El, aínda que se tratase dun número infinito de veces»¹.

«Alegrádevos comigo, porque atopei a ovella que perdera».

Ás veces podemos ser nós os pastores, os que coidamos uns doutros e imos con amor a buscar a quen se afastou de nós, da nosa amizade, da nosa comunidade; a buscar aos marxinados, a quen está perdido, aos pequenos, aqueles que as probas da vida apartaron ás marxes da nosa sociedade.

Cóntanos unha educadora: «Había varios alumnos que viñan a clase esporadicamente. Durante as miñas horas libres adoitaba ir polo mercado que está á beira da escola, esperando atopalos nese lugar, porque me decatara de que traballaban alí para sacarse un diñeiro. Un día por fin vinos, e eles quedaron asombrados de que fose persoalmente a buscalos, e impactoulles ver o importantes que eran para toda a comunidade educativa. Desde entón empezaron a vir regularmente a clase e foi en verdade unha festa para todos».

Patrizia Mazzola e o equipo da Palabra de Vida

¹ C. Lubich, Palabra de vida setembro 1986: *Palabras de Vida/1 (1943-1990)* (ed. F. Ciardi), Ciudad Nueva, Madrid 2020, pp. 387-388